



Martes, 21 de maio do 2013

O grupo Divulgare organiza unha xornada divulgativa na que amosarán as súas últimas producións

Queres coñecer como 'traballan' abellas e lagartos en Cíes?

A cita será este xoves no centro de visitantes do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Me gusta < 6 Tweet Share Delicious

D. Besadío | Vigo

Coñecer como 'traballan' os lagartos e as abellas en Cíes, que papel teñen as aves, como muda o ecosistema ante a desaparición dun determinado tipo de especie... son algunhas das temáticas as que propón achegarse o grupo Divulgare nunha xornada divulgativa que están a organizar para o vindeiro xoves baixo o título *Ciencia e arte: un mutualismo exitoso*, unha proposta coa que o profesor Luis Navarro achegará aos asistentes o traballo que está a levar a cabo o **grupo de investigación de Ecoloxía e Evolución das Plantas** no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Organizan as xornadas co obxectivo de divulgar os diferentes traballos de investigación que están a levar a cabo nestas illas, onde están a estudar as interaccións entre plantas e animais, labores que xa os levaron a descubrir "aspectos moi específicos e interesantes que se amosan nalgún dos vídeos que imos proxectar na xornada", apunta Navarro, que insiste en que os asistentes á xornada poderán coñecer máis de preto o 'traballo' de polinización que, día a día, levan a cabo abellas e bolboretas, xa que nisto se centra unha das principais liñas de traballo do grupo. "Entre outras cousas, estamos tratando de coñecer que problemas podería causar a desaparición dalgunha especie de abellas nas plantas que polinizaban", exemplifica Navarro.

O éxito de xuntar ciencia e arte

Aberta ao público en xeral, a xornada amosará o traballo que está a levar a cabo o grupo no estudo das interaccións de polinización e de dispersión de sementes, investigacións coas que tratan de achar que importancia teñen os polinizadores, sobre todo abellas e bolboretas, na produción de froitos e sementes. Así mesmo, afondarán no papel que xogan os lagartos e aves na dispersión destas sementes, sen esquecerse tampouco de observar que é o que acontece "cando se rompen esas interaccións ou mutualismos", subliña o profesor Navarro, que explica que se fala de mutualismos porque son relacións nas que os dous actores, neste caso plantas e animais, obteñen un beneficio. "Nós o que facemos é ver que acontece cando esa relación se rompe, por exemplo, coa introdución de gatos, animais que matan os lagartos que, á súa vez, dispersaban sementes de diferentes plantas", recalca o responsable do Grupo de Ecoloxía e Evolución das Plantas.

As xornadas desenvolveranse baixo o epígrafe *Ciencia e arte: un mutualismo exitoso*, un título que elixiron polo dobre xogo entre os mutualismos que se establecen entre plantas e animais e "os que establecemos os científicos que traballamos no grupo de investigación con outro tipo de profesionais, os artistas gráficos, unha colaboración da que nos beneficiamos ambos sectores, xa que eles aumentan os seus coñecementos sobre como funcionan os ecosistemas e nós conseguimos coa súa axuda transmitir moito mellor os resultados obtidos".

Entrada libre

En total proxectaranse arredor de catro vídeos, "se ben, en función da demanda que haxa este número pode variar". Especial protagonismo terá o último vídeo en incorporarse a esta serie de traballos, un pequeno documental no que se conta unha interacción entre abellas e plantas na que as abellas rouban ás plantas o néctar, "interaccións que vemos día a día na natureza e que criamos case exclusivas dos humanos, pero que realmente acontece na natureza en moitos ámbitos".

A xornada, de entrada libre ata completar aforo, desenvolverase de 11.00 a 14.00 horas no Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, no Casco Vello de Vigo.